



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/nº

15970 - Porto do Son (A Coruña)

Tel: 981-867412 Fax: 981-767358

CIF: P1507200B

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO

ALCALDE

DO CONCELLO DE PORTO DO SON

FAI SABER:

B

Que a Consellería de Traballo e Benestar convoca a prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de tres anos.

Consiste nun pagamento único de 360 €, e poderán beneficiarse tódalas persoas que teñan fillos menores de 3 anos ó seu cargo o día 1 de xaneiro de 2012 (nados entre o 02/01/2009 e o 01/01/2012 inclusive).

A

### REQUISITOS:

- Residencia habitual en Galicia
- Que na data da solicitude os nenos/as convivan coa persoa solicitante.
- Que polos ingresos obtidos durante o ano 2010, ningún membro da unidade familiar estivese obrigado a presentar a declaración da renda correspondente a ese período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

N  
D

### DOCUMENTACIÓN:

### NOVAS SOLICITUDES:

- Solicitud (Anexo I) e Anexos (II)
- Fotocopia do libro de familia ou certificación literal de nacemento do Rexistro Civil, de cada un dos menores de tres anos.
- Certificado de empadroamento do conxunto da unidade familiar.
- Fotocopia da cartilla de aforros na que figure como titular a persoa solicitante.
- Copia da sentencia de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de se-lo caso
- Copia do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial de constitución da tutela, de se-lo caso
- Certificado de convivencia no caso de proxenitores solteiros con fillos/as recoñecidos polo outro proxenitor, pero sen que exista convivencia entre pai e nai

O

### PRÓRROGAS:

- Solicitud (Anexo I)

O prazo de presentación de solicitudes remata o 26 de marzo de 2012

Para máis información deberán dirixirse ó departamento de Servizos Sociais do Concello, ou no teléfono 981 867 414

Porto do Son, 20 de febreiro de 2012

Asdo) José Luis Oujo Pouso